

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

DO DÍA 27 DE DECEMBRO DE 2007

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e sete de decembro de dous mil sete, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese a corporación municipal en pleno, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago e don José Venancio Salcines Cristal, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, do EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG.

Non asiste, con escusa, dona M^a Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albania, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- Proposta respecto da revisión de tarifas do servizo urbano de transporte en auto-taxis do Concello de Cambre para o ano 2008.

Dada conta da proposta do concelleiro delegado da Área de Presidencia, Planificación e Réxime Interior de data 17 de decembro actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de 26 de decembro de 2007.

Aberto debate, concédese a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, e manifesta que a subida das tarifas debería ir en función do IPC, non obstante, abstense.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, e abstéñense os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por seis votos a prol, acordou:

Primeiro: Informar favorablemente a revisión das Tarifas de Auto-taxis de Cambre para o ano 2008, que supón unha subida do 4,5% sobre as tarifas actuais, obtendo os seguintes resultados, IVE do 7% incluído, así como engadir as tarifas de saída con destino ao aeroporto, e ocupación do maleteiro.

Tarifa diurna (aplicable os días laborais desde as 06:00 horas ata as 22:00 horas e os sábados desde as 06:00 ata as 16:00 horas).

- Baixada de bandeira	1,36 euros.
- Quilómetro percorrido	0,97 euros.
- Hora de espera	16,30 euros.
- Contía mínima	3,10 euros.

Tarifa nocturna (aplicable en días laborais desde as 22:00 horas ata as 6:00 horas, os sábados desde as 16:00 horas e os domingos e festivos as 24 horas).

- Baixada de bandeira	1,62 euros.
- Quilómetro percorrido	1,20 euros.
- Hora de espera	20,30 euros.
- Contía mínima	3,80 euros.

Suplementos

- Por uso de maleteiro	0,70 euros
- Por servizos con saída ao aeroporto de Alvedro (inclúe ocupación del maleteiro)	3,30 euros

Segundo: Publicar o correspondente anuncio no taboleiro de anuncios do Concello, co fin de que durante o prazo de dez días a contar desde o seguinte ao da publicación, poidan presentarse cantas alegacións se estimen oportunas, encontrándose o expediente a disposición dos interesados, na planta primeira do Concello, servizo de auto-taxis.

Terceiro: No suposto de que non se presenten alegacións, entenderase elevado a definitivo o acordo de revisión das tarifas e remitirase o expediente á Comisión de Prezos de Galicia, solicitando o correspondente informe favorable para a súa posterior aprobación pola Dirección Xeral de Comercio da Consellería de Innovación e Industria.

2º.- Proposta respecto das suxestións presentadas polos grupos municipais do BNG e GM (PG) á aprobación inicial da modificación do Regulamento orgánico municipal.

Dada conta da proposta de Alcaldía de data 19 de decembro actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de 26 de decembro de 2007.

Aberto debate, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, reitera a posición mantida nas dúas anteriores ocasións, é dicir, que non se cambien estes artigos pois se restrinxen os dereitos de participación e perdería sentido e vida o funcionamento dos órganos da corporación, en concreto, o pleno.

Conclúe dicindo que presentaban a alegación pensando que algún grupo político ía a reconsiderar a posición, e manteñen a súa posición de que o Regulamento orgánico municipal se mantéña tal e como foi aprobado inicialmente.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo non pode dar o seu voto para que se coarten as liberdades.

Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que se ratifica no manifestado polos outros grupos dado que coa modificación se limitan as poucas defensas que teñen os grupos da oposición.

Don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, expón que se manteñen na postura manifestada na comisión informativa, pois non se restrinxen nin coartan as liberdades.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os sete concelleiros do PP, e votan en contra os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por trece votos a prol, cumpríndose coa maioría absoluta do número legal de membros que compoñen a corporación, esixida polo art. 47.2 f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, acordou:

Primeiro: Desestimar as alegacións ou suxestións presentadas polos grupos municipais do BNG e GM (PG) en relación coa aprobación inicial da modificación do Regulamento orgánico municipal.

Segundo: Aprobar con carácter definitivo a modificación dos artigos 108.5, 115.1 alíneas c), f) e g) e artigo 135 parágrafo primeiro do Regulamento orgánico municipal, aprobada con carácter inicial por acordo do Pleno da Corporación en sesión de 27 de setembro de 2007, mantendo o citado acordo en todos os seus termos.

Terceiro: Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, xunto co texto íntegro dos artigos modificados, isto de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local.

3º.- Proposta para modificar a data de celebración das sesións ordinarias da Xunta de Voceiros.

Dada conta da proposta de Alcaldía de data 21 de decembro actual.

Aberto debate, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que quere que conste a satisfacción do seu grupo polo cambio de posición do grupo de goberno, pois é a proposta que eles fixeron no seu día, e polos mesmos argumentos, é dicir, que era máis práctico que as sesións fosen máis cerca da convocatoria do pleno, polo que felicitan a quen reconsiderou a posición inicial.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Modificar a data de celebración das sesións ordinarias da Xunta de Voceiros, que queda fixada para o xoves anterior á convocatoria das sesións ordinarias do pleno e comisións informativas, ás 14:00 horas. Se o citado día fose inhábil, a sesión terá lugar o seguinte día hábil, á mesma hora.

4º.- Proposta para asumir como propia a prestación do servizo público de desenvolvemento, mantemento e conservación das instalacións de iluminación municipal e centros dependentes do Concello de Cambre, aprobación da forma de xestión, memoria-proxecto de explotación, regulamento do servizo e expediente de contratación.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, concelleiro delegado da Área de Presidencia, Planificación e Réxime Interior, manifesta que, como se quedou na Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 26 do actual, retírase o punto da orde do día, para maior estudo.

5º.- Proposta de modificación da retribución bruta anual polo desempeño con dedicación parcial dos cargos de concelleiro delegado da Área de Educación, Xuventude e Deportes e concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego.

Vista a proposta da Alcaldía de data 21 de decembro de 2007.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 26 de decembro de 2007.

Aberto debate, concédese a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), quen manifesta que na comisión informativa non se pronunciou, agora quere deixar constancia de que considera que se hai cinco meses se fixo unha proposta para cobrar unhas retribucións en concepto de dedicación parcial, se non se fixo ben, haberá que asumilo, polo

que non lle parece normal que se traian agora unhas modificacións por temas legais e se baixen á metade o que se propuxo que ían cobrar.

Segue dicindo que noutras lexislaturas había concelleiros que non cobraban nin medias dedicacións nin enteiras, cobraban por asistencias a órganos de goberno. Se nos seus respectivos traballos non lles permiten cobrar isto, hai dúas opcións. Unha, que se teñen interese pidan excedencia nos seus traballos e cobren aquí por dedicación exclusiva ou parcial e, senón, que cobren por asistencias. Cre que quen traballa ten que cobrar.

O Sr. alcalde contesta que ata agora os compañeiros non percibiron nada, e quedaron a expensas de que puideran cobrar ou non.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, expón que están nun caso, e seguro que virán máis, que o que demostra é que o que mal empeza, mal acaba. A dedicación a un goberno municipal precisa unha dedicación efectiva, non se pode compatibilizar, pois xa se ve nas táboas de horarios, que eran extravagantes, un horario estraño para que o resto de compañeiros e veciños poidan ter interlocución con eles.

Conclúe dicindo que o lóxico é que as persoas que queiran dedicación o fagan de maneira efectiva, que pidan excedencia e se dediquen efectivamente aos labores de goberno que boa falta lle fai ao concello, pois governe quen governe, o concello necesita xente que traballe.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que lle agrada que se reduza á metade a dedicación, pero insiste en que estes compañeiros deben poñer un cartel visible nas portas do concello para que os veciños saiban a que hora poden vir.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, manifesta que non se pode pretender que os cargos electos teñan só dedicación exclusiva, pois entón serían ou retirados ou funcionarios, e cre que todos teñen cabida na organización municipal.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, votan en contra os catro concelleiros do BNG e o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros de EU-IU.

A Corporación, por seis votos a prol, acordou:

Primeiro: Modificar a retribución bruta anual polo desempeño en réxime de dedicación parcial do cargo de delegado da Área de Educación, Xuventude e Deportes que ostenta don Jaime Manuel López Lisnier, quedando establecida en 13.014 euros como retribución bruta anual, mantendo a dedicación mínima de vinte horas semanais, coa seguinte distribución:

- luns: de 19.00 a 21.00 horas.
- martes a venres: de 17.00 a 21.30 horas.

Segundo: Modificar a retribución bruta anual polo desempeño en réxime de dedicación parcial do cargo de delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego que ostenta don José Venancio Salcines Cristal, quedando establecida en 14.756 euros como retribución bruta anual, mantendo a dedicación mínima de vinte horas semanais, de luns a venres, coa seguinte distribución:

- luns e xoves: de 17.00 a 19.00 horas.
- martes e mércores: de 8.00 a 14.00 horas.
- venres: de 9.00 a 13.00 horas.

Terceiro: Publicar os anteriores acordos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, de conformidade co establecido no artigo 75.5 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

6º.- Proposta de modificación da relación de postos de traballo.

O Sr. presidente concede a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, concelleiro delegado de Presidencia, Planificación e Réxime Interior, quen manifesta que, analizadas as suxestións feitas onte na comisión informativa, o grupo de goberno reconsiderou a súa postura de onte e vai retirar a proposta para abrir unha quenda de debate e discusión para ver se se pode tratar noutro pleno.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, expón que ía solicitar, en nome do seu grupo, que se retirara o asunto da orde do día. A proposta fíxoa onte o BNG, e cren que se poden achegar cousas para mellorar a proposta.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, engade que esta mesma proposta fíxoa onte na comisión informativa, e está de acordo, para poder analizar con maior profundidade o expediente.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que, como tamén se sumou á proposta, agradece que se tome en consideración, aínda que sexa con 24 horas de atraso, aínda que se debeu ter avisado aos demais grupos, pois algúns teñen un certo sentido da responsabilidade e dende onte, é dicir, hai 24 horas, algúns dedicaron tempo para preparar este debate, polo que, dende que se decidiu retirarlo da orde do día deberían comunicalo. Agora o que toca é estudar ben para ver a estrutura do concello.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, tamén amosa as queixas do seu grupo, pois molestáronse e dedicaron atención e traballo para estudar o expediente, polo que lles gustaría que, para outra vez, avisen aos demais grupos destas decisións.

Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), expón que, facer unha proposta para retirar o asunto a estas horas amosa algo que non vai dicir como o chamaría, é unha vergonza que onte, tal e como dixeron os grupos, non o viran, viuno hoxe, botou toda a tarde examinando e valorando este punto, e agora chegan e din que o retiran porque o pediron onte. Pois deberían telo dito onte e non tivera pasado nada, pero estaban empeñados en traelo hoxe ao pleno e ao non ter apoios, agora o retiran querendo quedar ben diante dos grupos da oposición, é dicir, para que non se rexeite se retira.

Segue dicindo que, despois de ter estado traballando hoxe é unha falta de respecto e teñen unha cara moi dura para facer isto. Di que, ao mellor, é que non se deu tempo a que os apoiaran, como noutro caso, cunha moción que presentaron despois. É duro botar man da oposición para esta RPT onde, entre altos cargos e cargos intermedios, propóñense 74, polo que non saben se están falando de Barcelona.

O Sr. alcalde somete a votación ordinaria a proposta de que o expediente quede sobre a mesa, proposta que é votada a prol polos vinte concelleiros asistentes á sesión.

7º.- Mocións.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

A) Moción do grupo municipal de EU-IU sobre a elaboración e posta en funcionamento dun Regulamento municipal de selección de persoal do Concello de Cambre

Rexistrada de entrada ao n.º 14 802 o día 22 de decembro de 2007. Consta do seguinte teor literal:

“O acceso as funcións públicas, xa sexa como funcionario de carreira ou interino, ou ben como persoal laboral fixo ou temporal, esixe, por imposición da Xustiza e da Constitución, un absoluto e escrupuloso respecto ao dereito á igualdade, así como aos principios de mérito, capacidade e publicidade.

En coherencia coas regras anteriores, faise aconsellable implantar unha normativa de ámbito municipal que, adaptando a establecida para as entidades locais polas administracións correspondentes, contribúa a garantir a transparencia e obxectividade dos procesos selectivos de persoal municipal, asegurando ao máximo a finalidade de que sexan realmente as persoas máis capacitadas e meritorias as que accedan aos postos de traballo que se convoquen, dentro dun procedemento limpo e transparente, que garanta a igualdade de oportunidades para todos/as.

Esta medida constitúe para a Corporación municipal de Cambre, non só un fin en si mesma, en canto pode contribuír a exemplarizar a vida pública do concello, senón tamén un medio de seleccionar a aqueles traballadores/as públicos que aseguren o mellor servizo posible aos veciños/as.

Por iso, o grupo municipal de EU-IU, propón ao pleno a adopción das seguintes medidas:

Primeira: Que no prazo máximo de tres meses, o goberno municipal elabore un Regulamento municipal de selección de persoal, presentando o seu documento á comisión informativa correspondente, co fin de que os grupos políticos poidan contribuír coas súas suxestións e achegas, para a posterior presentación ao pleno municipal.

Segunda: O mencionado documento, será presentado tamén aos representantes legais dos traballadores/as, para que na súa tarefa de defensa dos intereses colectivos que teñen asignados, teñan unha participación real no proceso de elaboración.”

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar a moción, tal e como foi transcrita.

A continuación, o Sr. alcalde concede a palabra ao concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego, quen manifesta que hai unha alegación á aprobación inicial do expediente de transferencias de crédito n.º 12/2007, aprobado polo pleno da corporación en sesión ordinaria de 29 de novembro de 2007 e, dada a premura de tempo, solicita a declaración de urxencia da moción que presenta respecto da resolución de alegacións e aprobación definitiva, para levar a cabo o seu debate.

Sometida a votación ordinaria a urxencia da moción presentada polo concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego, votan a prol os seis concelleiros presentes do PS de G-PSOE, os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros de EU-IU, e abstéñense os catro concelleiros do BNG e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por quince votos a prol, cumpríndose coa maioría absoluta requirida nos arts. 99.4 e 115.1 c) do Regulamento orgánico municipal, acorda declarar a urxencia da moción presentada.

B) Moción do concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego, de resolución de alegacións e aprobación definitiva do expediente de modificación de crédito por transferencia n.º 12/2007

Dada conta da moción de referencia de data 27 de decembro actual, que se transcribe literalmente a seguir:

“Visto que na súa sesión ordinaria de 29 de novembro do presente ano, o Pleno desta Corporación aprobou de forma inicial a moción presentada polo concelleiro da

área de Facenda, Comercio e Emprego de data 29 de novembro de 2007 pola que se propón a tramitación conforme ao disposto no artigo 40 do Real Decreto 500/1990, do expediente de modificación de crédito por transferencia número 12/2007, por un importe total de 185.000 euros.

Visto que o Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sinala que a estes expedientes de modificación lles resultan de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos.

Visto que no prazo de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia, (BOP nº 282 de 7 de decembro) e ao amparo do artigo 170 do Real decreto legislativo 2/2004, presentou alegacións ao acordo adoptado don Antón Otero Domínguez, en nome e representación do Bloque Nacionalista Galego de Cambre.

Visto o informe da intervención municipal, no que se pón de manifesto que únicamente poderán entablarse reclamacións contra o orzamento municipal e polo tanto contra o presente expediente, polos seguintes motivos:

- a) Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites legais.
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquer outro título lexítimo.
- c) Por ser de manifiesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos presupostados ou ben de éstos respecto ás necesidades para as que están previstos

Tendo en conta que as alegacións presentadas polo Bloque Nacionalista Galego, non se fundamentan en ningún dos motivos anteriores, e baseanse máis en criterios de oportunidade que non deberían admitirse, pois o pleno que o Real Decreto Legislativo 2/2004 prevé para resolver as reclamacións e pronunciarse sobre a aprobación definitiva do expediente debe resolver sobre os motivos de impugnación tasados e non pode converterse nunha segunda instancia para abrir un novo debate sobre o fondo do asunto.

Tendo en conta que nas sesións da comisión informativa e pleno nas que se debatiu este asunto, se xustificou por esta concellería a oportunidade deste expediente de

modificación e que ao mesmo adxúntase unha breve memoria na que se xustifica a necesidade da modificación proposta, e que no expediente orixinal constan os certificados de existencia de crédito (RC) das partidas que deben ceder crédito así como o informe favorable da intervención municipal.

É por iso que tendo en conta os motivos de impugnación á aprobación do expediente de modificación de crédito por transferencia número 12/2007 previstos na lei, se PROPÓN ao Pleno que adopte os seguintes acordos:

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas por don Antón Otero Domínguez, en nome e representación do Bloque Nacionalista Galego de Cambre.

Segundo.- Aprobar con carácter definitivo o expediente de modificación de crédito por transferencia número 12/2007 por importe de 185.000 euros, aprobado inicialmente por acordo plenario de 29 de novembro do presente ano, mantendo o devandito acordo en todos os seus termos.”

Concedida a palabra ao concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego, expón que o BNG fai unha alegación, e a xuízo do grupo municipal, e baseándose no informe de Intervención, non se pode tomar en consideración pois non se cumpren ningún dos motivos para presentar alegacións neste suposto, tal e como consta na proposta. De todos modos, engade, sorpréndelles que un grupo municipal con experiencia nestes trámites, presente unha alegación sabendo que o informe de Intervención vai ser negativo.

Conclúe dicindo que ao presentar unha alegación sen fundamento o que queren é entorpecer e bloquear a vontade do pleno, e iso é un comportamento pouco serio e pouco responsable.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, contesta que é reiterativo, vai polas ramas en vez de ir ao fondo da cuestión. Alude a que hai mecanismos nos sistemas democráticos, dentro dos órganos colexiados e nos procedementos administrativos, para que poidan ser utilizados por todos, e é o que fixeron. Podería terse olvidado todo isto se no proceso de debate do expediente no anterior pleno tivera constestado ás preguntas que se lle fixeron e que eran claras, así, preguntouse en que se ía gastar o diñeiro que se transfería dunhas partidas a outras, e iso teñen dereito a sabelo todos os representantes dos grupos, e non se contestou nin se contesta agora. Se se contestara, os veciños poderían saber se se trata de paralizar a proposta ou se, sabendo a que

se vai dedicar cada euro, habería necesidade de tanto debate, pero iso non se verá ata que non se executen os gastos.

Conclúe dicindo que todo isto se evitaría se se tivese explicado a que van destinados os euros. Eles non discuten a ningún técnico as cuestións formais, non coñecen o informe técnico a que está aludindo, e a razón pola que o seu grupo presentou a alegación era porque non se deu explicación de a onde ía destinado o diñeiro.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, manifesta que o seu grupo ten copia de todos os expedientes do pleno menos do que está presentando agora o equipo de goberno, polo que non poden votar a prol nin en contra.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que o que fai o BNG é unha alegación á transferencia de crédito, e o BNG indica que, respecto do que se votou anteriormente, non hai información suficiente, polo que recorre o resultado desta votación. E o equipo municipal o que di é que a alegación non ten lugar porque só hai tres motivos legais para presentar a alegación, e ningún deles se cumpre. Se non se tivera aprobado a urxencia, o que ocorrería é que o aprobado no anterior pleno quedaría no aire.

Concedida a palabra á Sra. interventora, manifesta que o procedemento deste expediente segue o mesmo réxime que a aprobación do orzamento e as reclamacións só poden basearse en tres motivos que constan na proposta do concelleiro, e non se basea en ningún dos tres motivos, senón que é un motivo de oportunidade.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, manifesta que deberían ter os informes para velos e estar informados. O seu grupo estivo de acordo en facer unhas modificacións. Entenden que se suprimiran dúas partidas que non eran oportunas e as outras si eran xustas. Non obstante, crítica ao equipo de goberno porque podían terlles enviado os informes de Intervención.

Don José Venancio Salcines Cristal pide disculpas, pero manifesta que a alegación se chegou tarde é porque se presentou tarde, e quen marca os tempos é quen fai a alegación.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que el que non lle veña ben é outra cousa, pero a alegación entrou dentro de prazo, por un mecanismo oportuno e non o fixeron fundamentando nun deses tres aspectos porque non consideraban iso, senón que o

que consideraban é que non estaba suficientemente fundamentado o expediente dende o punto de vista político. Deberían telo falado antes, poderían ter avisado e se evitarían 10 ou 20 minutos de debate.

Conclúe dicindo a don José Venancio Salcines que o problema dos prazos é seu, pois trae o expediente nun momento en que non hai tempo material para concluílo. Debería telo traído no momento adecuado, non agora, tarde e mal.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo votou a prol da proposta, e segue dicindo que hai partidas que consideran importantes, como a destinada ao arranxo dos camiños de Meixigo e Brexo-Lema, tamén en Pravio, pois beneficiase aos veciños.

Don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, conclúe que tamén hai outras partidas como o combustible, etc., que están fundamentadas e son lóxicas.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros de EU-IU, e votan en contra os catro concelleiros do BNG e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por quince votos a prol, acordou:

Primeiro: Desestimar as alegacións presentadas por don Antón Otero Domínguez, en nome e representación do Bloque Nacionalista Galego de Cambre.

Segundo: Aprobar con carácter definitivo o expediente de modificación de crédito por transferencia número 12/2007 por importe de 185.000 euros, aprobado inicialmente por acordo plenario de 29 de novembro do presente ano, mantendo o devandito acordo en todos os seus termos.

8º.- Informes da Alcaldía.

De orde do Sr. alcalde dáse conta pola secretaria da corporación do seguinte asunto:

- Da Resolución de Alcaldía n.º 2088 de data 14 de decembro actual, cuxa parte dispositiva se transcribe a seguir:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Maria Beatriz Ramos Padin ata a data en que presente o correspondente parte médico de alta, a partir da cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 10 de xullo de 2007.

Segundo: Dease conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

9º Rogos e preguntas.

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrado de entrada ao n.º 14 798 o día 22 de decembro de 2007.

1º Concelleiros do grupo municipal popular recibiron as queixas de numerosos veciños de distintas zonas e parroquias como Santa María de Vigo, rúa Amil, centro de Cambre, etc., a causa do servizo de recollida de lixo, servizo este que non se efectúa a diario, por iso o grupo municipal popular roga ao goberno local de Cambre que inste a empresa concesionaria a que cumpra coas súas obrigas de recollida diaria tal e como se viña efectuando con anterioridade.

O Sr. alcalde contesta que se acepta.

2º Téndose iniciado a actividade escolar na galescola do noso concello, situada na localidade da Barcala, o grupo municipal popular roga ao equipo de goberno que informe dos seguintes puntos:

- Número de alumnos con que conta na actualidade a galescola.
- Cantos destes alumnos se atopan empadroados no Concello de Cambre.
- Que criterios se siguen á hora de efectuar a admisión dos alumnos no centro: empadroamento, renda, número de membros da unidade familiar, etc.
- Previsiones de ocupación con respecto ao curso do ano que ven.

Dona Carmen Tato Lago contesta que lles remitiu un informe da directora da galescola, pois isto non se leva dende o concello. Hai unha totalidade de 76 matriculados. Setenta e catro rapaces son de Cambre, un de Abegondo e un de Carral. O total de prazas son

82. A previsión de prazas para o curso 2008/09 é de 0-1 anos: 16 prazas; de 1 a 2 anos: 8 prazas; e de 2 a 3 anos: 13 prazas.

3º Dende hai varios meses finalizáronse as obras da rede de sumidoiros das zonas de Fabás e Armental, obras realizadas pola Xunta de Galicia e Deputación, a día de hoxe, ditas obras non foron recpcionadas polo concello co conseguente prexuízo dos veciños por non poder conectarse á rede de sumidoiros, ante isto o grupo municipal popular roga ao goberno local de Cambre que informe dos prazos que teñen previsto para a recepción destas obras e a súa posta en servizo.

O Sr. alcalde contesta que xa lles facilitou o informe que fixo o enxeñeiro. Están pendentes de que se termine a obra.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao n.º 14 804 o día 24 de decembro de 2007, xunto coas preguntas.

1º A páxina web do concello, é un medio importante de información e comunicación virtual para os cidadáns. Considera o noso grupo que o contido da información debería ser o máis plural e obxectivo posible.

Pregamos que se nos informe que persoa ou persoas son os responsables de facilitar a información e control da mencionada páxina.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que controlar non a controla ninguén. Vixíase que sexa adecuada aos fins públicos, e son os responsables informáticos os que a poñen en marcha.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que non hai iniciativas nin suxestións. Deberíase falar cos grupos para que se teñan en conta outras posibilidades pois é parcial.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que non está de acordo. A información é a que xurde da actividade municipal globalmente considerada. Dille que se pode poñer en contacto coa asesora de información para que poidan poñer o que sexa útil para a cidadanía.

2º Tras reiteradas instancias do grupo municipal de EU-IU e as conseguíntes promesas do goberno municipal para acondicionar o campo da feira de Cambre, a situación do emblemático lugar segue nun estado de deterioración lamentable. Recentemente un medio de comunicación cualificáboo como un “*espazo envidiable rodeado dun arboredo centenario*”.

Os sucesivos gobernos de Cambre non fixeron nada, ou case nada, en mater nas mellores condicións o conxunto do campo da feira e o seu contorno, senón todo o contrario, talaron árbores e a pesares do compromiso de replantalos non se realizaron, tampouco foron capaces de reparar minimamente o seu lousado, que provoca diariamente o malestar da cidadanía, amais do perigo que ocasiona ás persoas, e o risco de producir danos aos vehículos que diariamente utilizan o espazo como aparcadoiro. Para o noso grupo este lugar constitúe un dos maiores atractivos da vila, que debería ser coidado e respectado.

O noso grupo prega ao goberno municipal, que con urxencia, se arranxe o seu lousado, mentres non se elabore un proxecto para o saneamento e reforma do conxunto do campo da feira e do seu contorno.

O Sr. alcalde que di que pasados estes días teñen unha reunión co arquitecto de Patrimonio e teñen que decidir que criterio van seguir coa praza e invita aos voceiros para manter unha reunión e poder levar unha idea clara.

Don Francisco Javier Varela Tejedor engade que xa saben que se lles pasou un informe sobre as actuacións que o grupo municipal formulaba dentro do Proxecto Arume da Unión Europea, e un dos proxectos era ese, e como se ampliou o prazo ata o 15 de febreiro, están a súa disposición para recibir ideas e poder incorporalo ou facelo a través de Patrimonio.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que están de acordo, pero mentres non se fai ese proxecto, debe arranxarse o lousado, pois é de urxencia reparalo mentres non se faga o proxecto que di o voceiro do grupo socialista.

3º Nos pasados días a fonte do Parque da Igrexa en Cambre, estivo derramando auga, motivado o atascamento do seu desaugadoiro, este feito prodúcese con

bastante frecuencia, sen que ata o de agora se fixera nada para evitar o derrame do preciado elemento, dando unha sensación de abandono e falta de preocupación.

Pregamos que por parte do concello se realicen as reformas necesarias para reparar esta deficiencia.

O Sr. alcalde contesta que antonte estiveron os obreros e os de Instelec arranxando pero parece que hai problemas na condución.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que este problema vense arrastrando dende hai tempo. Chamou o mércores e ata o luns non foron e estase dando unha mala imaxe, dada a escaseza de auga. Se ten o desaugadoiro pequeno, que o fagan máis grande. Isto vense repetindo e haberá que arranxar a deficiencia, non se poden sacar as follas que atascan e nada máis. Repite que se está dando unha mala imaxe de gasto de auga.

Preguntas do PP presentadas por escrito.

Registradas de entrada ao n.º 14 799 o día 22 de decembro de 2007.

1ª No pasado pleno do 25 de outubro de 2007 o Partido Popular de Cambre presentou unha moción para solicitar a reordenación do tráfico na zona do Temple a consecuencia das obras da costa da Tapia, solicitando entre outras medidas a reposición da dobre dirección da circulación na rúa Otero Pedraio, téndose acordado a elaboración dun estudo por parte da policía local que analizase as distintas alternativas e posibilidades a tomar para solucionar esta situación. Por todo iso o grupo municipal popular pregunta que xestións se realizaron dende a data da presentación da moción ata o día de hoxe para a elaboración do mencionado estudo e as posibles alternativas a este problema.

O Sr. alcalde contesta que estivo falando co enxeñeiro e coa policía. Están a estudalo e mirando se vai quedar a rúa en dobre dirección. Agora estase funcionando como se dixo nun principio, despois de que se terminen as obras xa se estudará, mentres se están executando o mellor é agardar.

Dona Mª Jesús Vieites Mariñas, do PP, contesta que aos veciños se lles dixo que se ía cambiar a dirección, en iso quedarán coa concelleira dona Mª Beatriz Ramos Padín.

O Sr. alcalde contesta que se se dixo se manterá, xa o mirará.

2ª Na parroquia de Pravio existe unha gran preocupación dos veciños pola escaseza de seguridade viaria na zona; datas antes das eleccións prometeuse por parte do equipo de goberno a finalización das sendas peonís dende o Cruceiro ata a rotonda de Catro Camiños, téndose comprobado que non se finalizaron estas e que as obras se atopan paradas.

Tamén se prometeu a execución de sendas peonís dende a zona do Cruceiro ata a Castellana e unha vez máis os veciños manifestan o seu malestar por tales promesas ao ter comprobado que todo son palabras e non feitos. Á súa vez iniciáronse as obras na rotonda de Catro Camiños nas que traballaron un breve espazo de tempo, a data de hoxe os veciños observan que estas se atopan paralizadas sen ter obtido ningún tipo de información por parte do concello en canto aos motivos da súa paralización. Outro proxecto programado por parte da Xunta é a obra da Travesía de Pravio, proxecto do que os veciños desexan saber alíneas tan importantes como:

- En que punta se atopa a tramitación da obra.
- Que tratamento se lle vai dar.
- Vaise a informar aos veciños do proxecto para que estes poidan achegar ideas e/ou suxestións.
- Prazos da súa execución.
- Seguimento e control que se levará dela.

Por todo isto e ante a gran preocupación xerada entre os veciños o grupo municipal popular pregunta que intencións ten o equipo de goberno de cumprir coas promesas realizadas así como informar aos veciños da situación actual das obras mencionadas.

O Sr. alcalde di que a obra se está a executar. O que está feito é a rotonda. Houbo que cambiar os postes de Fenosa e Telefónica e dixeron que a partir das festas seguirán coas obras. Están pendentes de meter a rodadura, o aglomerado e o bordo e están pendentes de aprobar o orzamento.

En canto ao prazo de execución, cren que en 4 ou 5 meses estarán terminadas dende o Cruceiro a Pravio. E en canto ás do campo de fútbol e Cambre, están adxudicadas e comezarán a mediados de mes.

Pregunta don José Antonio Baamonde López se o tratamento que se vai dar en Pravio é o de travesía.

O Sr. alcalde contesta que o que pediron ao director da obra é que se poña unha limitación de velocidade. O de travesía, de momento, non se vai facer.

3ª Numerosos veciños da parroquia do Temple, puxéronse en contacto cos concelleiros do grupo popular para denunciar a preocupación xerada pola instalación dun transformador na rúa Pígara que orixinou importantes desperfectos nas vivendas, ademais dunha desinformación xeral cara a eles por parte do concello á hora de realizar esta obra. Por iso, o grupo municipal popular pregunta ao goberno municipal, cales foron os criterios técnicos que se seguiron para a colocación do transformador, se se están efectuando o seguimento e control das obras da súa instalación, e que postura vai adoptar o concello en canto aos desperfectos orixinados nos garaxes, baixos e vivendas dos veciños.

O Sr. alcalde contesta que o tema do transformador se está negociando. Hoxe estiveron os da compañía para ver se o podían situar noutro sitio. En canto a que fora subterráneo, paralizouse. Fíxose un proxecto e os veciños temen que se produza algunha alteración pero, engade, non hai fendas nas vivendas. Son transformadores aos que se deu licenza no concello logo do correspondente informe de Industria. Creuse que era o sitio idóneo. Hai pouco reuníronse os veciños e Fenosa para ver como se arranxa o tema. Fenosa dixo que se os veciños non queren esa potencia, vanse a outro sitio.

Preguntas do BNG presentadas por escrito.

1ª Por que o grupo municipal socialista emprega o membrete do concello, en papel oficial municipal para presentar as súas propostas como foi no caso da asemblea de veciños do Temple?

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que os veciños do Temple invitaron ao Sr. alcalde a participar nesa reunión. O alcalde delegou nel e o que presentaron foi un informe, un resumo despois de ter escoitado aos técnicos municipais. A invitación foi ao alcalde e non lle deron maior importancia.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que ratifica a resposta, se non fose polo informe que ten el nas mans, de onde se deriva que dá unha información e termina cunha proposta do grupo socialista. Cuestiona que con papel oficial se fagan propostas do

grupo socialista. Lembra ao Sr. Salcines que dixo hai pouco que leva pouco tempo, pero quen está gobernando ten que ser exquisito nas formas, e a institución e o partido non son a mesma cousa, só se refire a iso. A proposta do grupo socialista é inadecuada.

Don José Venancio Salcines contesta que ten razón, pídelle disculpas e rectifica. Non é correcto e comparte o fondo, non as palabras, e procurará que non se volva repetir.

2ª Travesía de Pravio.

Nas reunións coa A.VV. De Pravio temos debatido sobre como ten que ser a travesía de Pravio, xa que o proxecto presentado polo Concello supón unha división da parroquia, un perigo para os peóns e o criterio é a preferencia para o tránsito dos coches.

Nestas reunións todos os GG.MM. - incluído o de goberno- adquirimos o compromiso de optar por unha alternativa máis humana e integradora do territorio, por unha travesía que non divida a parroquia e que os vehículos non poidan circular a máis de 40 km/h:

Cales sons os pasos avanzados neste sentido polo Goberno Local?

Cal é o estado de tramitación da contratación do proxecto presentado na COPTOP para chegar a tempo coa alternativa da que falamos?

O Sr. alcalde contesta que o que se fai é unha travesía polo concello para ampliar a estrada. Faise unha beirarrúa provisional, o tráfico non ten por que sentirse prexudicado, o que se debe sentir protexido é o peón.

Don Antón Otero Domínguez, do BNG, contesta que parece ser que o que se quería facer eran unhas modificacións para que fora unha travesía humana, diminuír a velocidade dos coches, e priorizar aos peóns. Se é así, están de acordo.

3ª Saneamento en Pravio.

Xa hai máis de 6 meses que está rematado o saneamento que se fixo por parte da Xunta de Galiza e outra parte con fondos da Deputación da Coruña; na actualidade estase a producir unha situación de agravio, xa que algúns veciños xa fixeron a conexión e outros

están esperando a autorización municipal para poder enganchar e usar o servizo; por outra parte parece que algúns veciños tiveron presións por parte da empresa concesionaria municipal para que a contrataran para facer o enganche desde o pozo á vivenda ofrecendo un presuposto do dobre aos prezos de mercado:

Que tipo de control hai sobre os enganches realizados?

Por que aínda non se concederon autorizacións solicitadas?

Quen emite os informes para autorizar os enganches?

Está recibida esta obra?

Son coñecedores desta práctica por parte da empresa concesionaria do saneamento?

O Sr. alcalde contesta que lles facilitou o informe. Non está entregada a obra e os enganches que se fagan non están autorizados. Pódese estar conectado da estrada ás fincas, pero non á rede de sumidoiros.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que ten a preocupación de que haxa enganches e poidan haber problemas, polo que piden que se extreme o control para que estas prácticas non se produzan. Non sabe se se producen ou non os enganches, pero haberá que comprobalo.

O Sr. alcalde responde que lea o informe e se hai algo xa se verá, pero non hai presión municipal ningunha.

4ª Saneamento de Aián e Altamira.

Transcorrido un mes dende que tratamos este asunto, cando poderán os veciños de Aián e Altamira usar o servizo de saneamento?

O Sr. alcalde contesta que o estaba levando dona M^a Beatriz Ramos Padín. Van a metelo no orzamento deste ano para facelo definitivamente.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito.

Rexistradas de entrada ao n.º 14 804 o 22 de decembro actual.

1ª As obras do servizo de saneamento realizadas en San Bartolomé, Fabás, Carballás e Armental, semellan estar rematadas.

Que problemas existen para que os usuarios que teñen enganchadas as acometidas non poidan utiliza o mencionado servizo?

O Sr. alcalde contesta que, nun principio, o que ocorre é que a obra non está entregada ao concello. Cre que non está conectada ao colector xeral, e non ten coñecemento de que haxa outras conectadas.

2ª A fonte lavadoiro da Igrexa na parroquia de Cela, dende o seu acondicionamento e restauración, queda sen auga en moitas ocasións. Este feito desmerece a propia fonte e o seu conxunto como un lugar de espaxemento, uso e recreo público dos veciños/as.

Que información ten o goberno municipal sobre o problema?
Que medidas ten adoptado ou previsto adoptar respecto do tema?
Por que dende a súa inauguración non se levou a cabo o arranxo da pequena zona axardinada?

O Sr. alcalde contesta que cre que se está a mirar, porque a empresa que o fixo, fixo outra arqueta. Van mirar por que se bifurca a auga. A verdade é que hai pouca auga.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que o caso é que dende a reparación non hai auga e hai unha empresa responsable que debería mirar a ver que ocorreu aí. Que abran e miren a ver que pasou.

3ª O noso grupo ten recibido varias queixas dos veciños/as de Cecebre sobre o valeirado das papeleiras e colectores de lixo nas instalacións do complexo A Balastreira.

Cal é a periodicidade coa que debe levarse a cabo esta tarefa?
A quen corresponde desempeñala?

Tense previsto algunha medida para mellorar o servizo?

O Sr. alcalde contesta que corresponde ao servizo de mantemento das rúas. Parece ser que hai un colector e que non entran os camións. As papeleiras límpanas unha vez á semana. O colector cre que xa se cambiou hoxe ou vaise cambiar.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia